



## Veciñanza presenta emendas ao Orzamento Municipal de 2017

---

*Orzamentos participativos, fixación da poboación, biblioteca municipal, turismo, sinalización do rural e comercio local son as áreas nas que Veciñanza presentou emendas á proposta do Goberno Local. En función da atención a estas demandas as contas municipais serán apoiadas ou non. Veciñanza esixe non suprimir a partida adicada ao desenvolvemento e apoio ao Comercio Local.*

---

**Cuntis, 28 de novembro de 2016.** Veciñanza presentou o pasado xoves na Comisión Informativa de Contas e Facenda as súas emendas á proposta inicial de Orzamentos Municipais que o Goberno Local presentou para o ano 2017. Será no pleno deste xoves cando se debaterán as contas para o próximo ano.

Como condicións indispensables para apoiar os Orzamentos figuran, ademais das emendas presentadas, o compromiso do Goberno Municipal de negociar de novo os fondos que a Deputación de Pontevedra transfira a Cuntis no marco do Plan Concellos. De igual maneira, Veciñanza esixe **o mantemento da cantidade adicada a Orzamentos Participativos** así como unhas bases reguladoras serias que marquen este procedemento de participación.

O Goberno Municipal anunciou xa a iniciativa de reservar unha partida de 6000 euros para o fomento da natalidade. Sobre esta idea presentamos a primeira das emendas. Considerando esta idea como positiva e necesaria, Veciñanza propón a realización dunha campaña global para fixación de poboación, que debe contemplar estas axudas pero incorporando ademais bonificacións fiscais, divulgación, etc. En todo caso, a partida de 6000 euros anuais (a razón de 300 euros por nacemento) resulta totalmente insuficiente se ollamos a estatística anual de nacementos en Cuntis (na última década non baixamos de 28). **Veciñanza propón ampliar a cantidade destinada a este fin e iniciar unha campaña máis ambiciosa que busque combater o declive demográfico no que se atopa o noso municipio mediante a fixación de poboación.**

A segunda das emendas afecta á Biblioteca Municipal. Veciñanza considera este un servizo público que merece unha atención seria. O documento do Goberno plantexa unha partida de tan só 300 euros para Reparacións, Mantementos e Conservación das instalacións da Casa da Cultura Roberto Blanco Torres. Resulta evidente que o edificio do antigo Hospitaliño precisa intervencións que resolvan, por exemplo, problemas de humidades, etc. **Veciñanza esixe un incremento considerable desta partida para a atención ás necesidades da Biblioteca Pública Municipal.**

A terceira das emendas atinxe á promoción turística. Durante este ano 2016 Veciñanza reclamou a importancia deste sector, denunciou o abandono absoluto ao que está condenado e presentou ademais unha proposta para a elaboración dunha estratexia de promoción e dinamización turística. O Goberno Municipal propón unha cantidade que resulta insuficiente (6000 euros) á vista de todo o traballo que está por facer. **Veciñanza reclama un incremento notable na partida adicada ao Turismo e a**

**consideración deste sector á altura da importancia estratéxica que realmente ten.**

Outras das reivindicacións máis coñecidas de Veciñanza é a necesidade de emprender a sinalización das nosas aldeas e parroquias, unha carencia impresentable a día de hoxe. Veciñanza contempla unha das emendas presentadas para esixir **a inclusión dunha partida específica para este traballo, así como o compromiso do Goberno Local de complementar con futuras transferencias de fondos o orzamento para sinalización.**

Por último, Veciñanza esixe **que o Goberno Municipal non suprima a partida destinada ao desenvolvemento do Comercio Local.** No documento inicial esta partida non aparece reflexada e para Veciñanza é unha condición imprescindible para apoiar os orzamentos municipais.

En función da toma en consideración das emendas presentadas Veciñanza decidirá o seu apoio ás contas do ano 2017. Atopándose o Goberno Municipal en minoría entendemos que a busca do consenso e do acordo será fundamental para que os Orzamentos Municipais saian adiante.